



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS

Artigo 1º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obteña ou non a devandita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2.- As construcións, instalacións ou obras as que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) As obras de construción de edificación e instalacións de tódalas clases de nova planta.
- b) As obras de ampliación ou reforma de edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- c) As de modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- d) As de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- e) As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.
- f) As obras que teñan que realizarse con carácter provisional no caso en que estean xustificadas, que deberán derrubarse cando o acorde o Concello, sen dereito a indemnización, de acordo co establecido na regulación urbanística.
- g) As obras de instalación de servizos públicos.
- h) Os movementos de terra, tales como desmontes, aplanamento, escavación e terraplanado, salvo que tales actos estean detallados e programados como obras a efectuar nun proxecto de urbanización ou de edificación aprobado e autorizado.
- i) A demolición das construcións, salvo nos casos declarados de ruína inminente.
- j) As instalacións subterráneas adicadas a aparcamentos, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- k) A colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública.
- l) E, en xeral, calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística segundo o previsto na lexislación vixente, plans, normas ou ordenanzas.

Artigo 2º.- SUXEITOS PASIVOS.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Os efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.



2.- No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

Artigo 3º BENEFICIOS FISCAIS.

1.- Exímese do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunicades Autónomas ou as Entidades Locais, destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de novo investimento como de conservación.

2.- Fora do imposto regulado no apartado anterior non se recoñecerá outro beneficio fiscal que os expresamente presentes nas normas con rango de Lei e os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

Artigo 4º.- BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO.

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custo de execución material da mesma.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio profesional do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente o custo de execución material.

2.- A cota do imposto é o resultante de aplica-la base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame é o 2,8 %.

4.- O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

Artigo 5º.- XESTIÓN

1.- O presenta-la preceptiva licenza practícarase unha liquidación provisional, determinándose a base en función do presuposto presentado polos interesados sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente; no caso contrario, a base imponible determinarase pola aplicación dos módulos de valoración establecidos polo Concello na ordenanza fiscal reguladora de taxas por licencias urbanísticas vixente en cada momento.

2.- A vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real das mesmas, o Concello, mediante á oportuna comprobación administrativa, poderá



modificarse é o caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, se é o caso, a cantidade que lle corresponda.

Artigo 6º.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 7º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En tódolo relativo a cualificación das infraccións tributarias como tamén a determinación das sancións que polas mesmas correspondan no seu caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará aplicarse a partir do primeiro día do mes seguinte ó da súa publicación, permanecendo en vigor mentres non se modifique ou derroge expresamente.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A presente Ordenanza Fiscal derroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, dende o momento de efectiva aplicación da presente Ordenanza.

Esta ordenanza foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada en Marín a 12 de novembro de 2004.

Esta ordenanza foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número 250 de data 30 de decembro de 2004
